

La Voz de Galicia

CULTURA

Recuperan a achega de Fanny Garrido ao patrimonio literario e musical de Galicia

Muller pioneira, escribiu novelas e, xunto co seu esposo, o compositor Marcial del Adalid, creou cancións galegas



H. J. P.

REDACCIÓN / LA VOZ 07/09/2017 05:00 H

Con motivo do **centenario do pasamento de Fanny Garrido** (A Coruña, 1842-Madrid, 1917), que se cumpre o próximo luns 11 de setembro, a Consellería de Cultura impulsa a recuperación da súa figura e da súa achega ao patrimonio literario e musical de Galicia. Así, o luns, ás 19.00 horas, **na sede da Real Academia Galega -da que a homenaxeada foi membro correspondente-, na coruñesa rúa Tabernas, organiza un encontro para difundir un labor escasamente coñecido**, como destacada escritora e tradutora de finais do século XIX. Será a musicóloga Laura Touriñán Morandeira quen debullará algunhas das claves da súa traxectoria.

A guinda da xornada chegará da man do pianista Alejo Amoedo e a soprano Susana de Lorenzo, dúo que interpretará os poemas galegos desta autora que foron musicados por Marcial del Adalid: ***Bágoas e soños, Frouseira, triste Frouseira, Canto de berce, A bordo, Mondaríz, ¡Pesoulle!, A sorte e A noite de san Xoán***. As pezas unen o talento dos dous creadores, que contraeron matrimonio no ano 1860. Froito desta unión naceu a súa filla María, quen foi a doadora de interesantes fondos bibliográficos da familia á RAG, os que, por certo, se exhibirán e comentarán ao inicio da charla-concerto.

Francisca Claudia Josefa Antonia González-Garrido y García, muller pioneira e moi avanzada ao seu tempo, asinou baixo o pseudónimo de Eulalia de Liáns populares novelas como ***Escaramuzas (Madrid, 1885), La madre de Paco Pardo (Madrid, 1898) e Batallas (inédita)***. Como tradutora, trouxo ao castelán importantes obras alemás entre elas, ***Viaje a Italia (1891)***, de Goethe, á que incorporou ademais un limiar crítico.

Garrido publicou ensaios e artigos de prensa que amosan o seu interese pola educación, así como o seu compromiso cos máis desfavorecidos, con Galicia e mais coa súa cultura. Ese compromiso levouna a **participar na fundación da Sociedade de Folk-Lore Galego, xunto coa presidenta e promotora, Emilia Pardo Bazán** nun acto celebrado en 1883 na actual sede da RAG.

Garrido naceu froito do matrimonio entre o Primeiro Médico do Hospital Militar da Coruña Francisco de Borja González Garrido del Amo, oriúndo de Villafranca del Bierzo, e Josefa García Cuenca, natural de México.

[data de descarga: 07/07/2020]